

EXTRACTO da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de profesionais da creación literaria galega en residencias literarias fóra de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT215D)

BDNS (identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde aquelas persoas físicas ás que se refire o artigo 1 da presente orde:

Persoas físicas, que interveñan no proceso de creación do libro nos correspondentes labores de escritura, tradución, deseño gráfico e ilustración do libro que acrediten esta condición e desenvolvan o seu traballo no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

2. As persoas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Obxecto

1. Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións para estadias en residencias literarias, que se realicen fóra de Galicia, dirixidas a profesionais da creación literaria galega para fomentar a difusión da cultura galega e o impulso de relacións de cooperación con outros organismos e centros culturais de referencia.

As estadias terán como finalidade que as persoas creadoras realicen a tradución das súas obras, que a súa estadia sexa necesaria para o proceso de investigación previo á creación da obra obxecto da residencia ou, que precisen dun espazo e ambiente de traballo que lle permita continuar co desenvolvemento dun proxecto xa iniciado.

2. Para os efectos desta orde considéranse persoas creadoras as definidas polo artigo 5.1 da Lei 17/2006, do 27 de decembro do libro e a lectura de Galicia: *as que*





interveñen no proceso de creación do libro nos correspondentes labores de escritura, tradución, deseño gráfico e ilustración do libro.

3. Aos efectos da presente orde, considéranse gastos:

3.1. Gastos de viaxe: inclúe os gastos asociados ao desprazamento (ida e volta) da persoa participante ao lugar de celebración da residencia.

3.2. Gastos de transportes internos: inclúe os gastos xerados polo uso de medios de transporte para desprazamentos na localidade ou localidades de celebración da residencia apoiada, incluíndo gastos xerados polos traslados desde e cara ao aeroporto ou estación de chegada ou partida; ou gastos para o desprazamento entre localidades se a participación da persoa creadora ten lugar en distintas localizacións; ou gastos xerados polo traslado cara a ou desde a localidade de celebración da residencia cando o traxecto cuberto polo billete principal, incluído dentro dos gastos de viaxe, non cubra a totalidade do percorrido.

3.3. Gastos de aloxamento e manutención: corresponde cos gastos xerados durante a estancia da persoa participante no lugar de celebración da residencia.

3. 4. Gastos de subscrición dunha póliza de seguro de viaxe: corresponde cos gastos de contratación dunha póliza de seguro que cubra os gastos das eventualidades que poidan xurdir durante a viaxe das persoas creadoras subvencionadas.

3.5. Gastos de subscrición dunha póliza de seguro médico: corresponde cos gastos de contratación dunha póliza de seguro que cubra os gastos das eventualidades de saúde que poidan xurdir durante a estadía das persoas residentes.

4. So se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a realización dos mesmos.

5. De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a persoa beneficiaria da subvención deberá xustificar que os gastos subvencionables deberán ter sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial de aplicación, ou no seu defecto nos establecidos na Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais.

6. Así mesmo, ten por obxecto convocar a dita subvención para o ano 2024.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de profesionais da creación literaria galega en residencias literarias fóra de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT215D)

Cuarto. Importe





1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432A.770.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 por un importe máximo de 20.000€.

2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar ao incremento da contía total das subvencións, de acordo co disposto no 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 15 de xullo de 2024.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

PD: Orde do 29 de xullo de 2022

Manuel Vila López

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Insírase no DOG

